

# PROCESO DE ADMISIÓN CURSO 2021-2022

## RESERVA DE PRAZA, CAMBIO DUN CENTRO A OUTRO AO QUE SE ESTÁ ADSCRITO

Os alumnos deste Centro que na actualidade cursan 4º de ESO e queiran reservar praza para 1º de bacharelato, no curso académico 2021/2022, no IES Otero Pedrayo, **deberán solicitalo do 11 de xaneiro ao 8 de febreiro.**

*ORDE do 18 de decembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (código de procedemento ED550A e ED550B).*

*Dous. O artigo 10.2 queda coa seguinte redacción:*

*«2. O alumnado que pretenda continuar estudos nun centro de adscrición, para os efectos de reserva de praza neste, deberá presentar no centro de orixe ou a través da aplicación “admisionalumnado” (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) o formulario normalizado (ED550A) que se publica como anexo I da presente orde. O prazo de presentación estará comprendido entre os días **11 de xaneiro e o 8 de febreiro de cada ano**. O formulario normalizado será facilitado gratuitamente nos correspondentes centros docentes e tamén estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, na aplicación “admisionalumnado”, e na páxina web da consellería competente en materia de educación»*

Ourense, 23 de decembro de 2020